

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A MANCOMUNIDADE DE MONTES DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA EXPERIENCIAL DE FORMACIÓN-EMPREGO "TRABALLOS FORESTAIS NOS MONTES PERIURBANOS DE VIGO"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Empleo no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, do decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, esta consellería asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Con base no exposto, correspóndelle a esta consellería a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as que están as medidas dirixidas á mellora da empregabilidade e redución do desemprego, mellorando as condicións do mercado de traballo, prestando especial atención aos colectivos con especiais dificultades de inserción, no marco da Estratexia europea de emprego, do Programa nacional de reformas, do Sistema nacional de garantía xuvenil, do respectivo Plan anual para o fomento do emprego digno (PAFED) e no eido da colaboración institucional.

Nese marco encádranse os programas públicos mixtos de formación-emprego que forman parte dos programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Emprego, e regulados polo Real Decreto 818/2021, do 28 de setembro, polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Emprego. Estes programas mixtos de formación-emprego teñen entre os seus obxectivos contribuír a responder ás necesidades do mercado, preferentemente en ocupacións relacionadas coa recuperación do patrimonio artístico, histórico, cultural ou natural, a rehabilitación de contornas urbanas ou naturais, a eficiencia enerxética e as enerxías renovables, así como calquera outra actividade de utilidade pública ou interese xeral e social.

Neste sentido, a Mancomunidad de Montes de Vigo é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa ás 13 Comunidades de Montes Veciñais en Man Común do termo municipal de Vigo, xunto coa Entidade Local Menor de Bembrive, exercendo funcións de coordinación, apoio técnico e representación conxunta. No seu conxunto, as comunidades integradas xestionan arredor de 1.600 hectáreas de superficie forestal, o que supón aproximadamente o 15% do territorio municipal, e implican a miles de persoas comuneiras. Esta realidade configura un dos sistemas de monte periurbano máis relevantes de Galicia, tanto pola súa dimensión territorial como pola súa interacción directa cunha cidade de preto de 300.000 habitantes.

A Mancomunidad, no marco do proxecto "Montes de Vigo 2046: montes veciñais en valor", desenvolvido entre 2024 e 2025 coa colaboración da Universidade de Vigo, impulsou un proceso sistemático de análise, diagnose e valorización dos servizos ecosistémicos que os



montes veciñais de Vigo achegan á sociedade. Este traballo permitiu evidenciar que os montes periurbanos de Vigo non son un espazo forestal convencional, senón un sistema socioecolóxico complexo, sometido a múltiples presións e expectativas, no que converxen funcións ambientais, sociais, culturais e económicas.

Neste contexto, a Mancomunidad de Montes de Vigo identificou, a partir da experiencia acumulada nos últimos anos e dos resultados do proxecto Montes de Vigo 2046, unha necesidade estrutural de man de obra forestal con formación específica en monte periurbano. Non abonda coa capacitación básica de peón forestal: é imprescindible contar con profesionais que comprendan a multifuncionalidade do territorio, que saiban integrar prevención de incendios, mantemento de espazos de uso público, criterios ambientais e seguridade laboral, e que sexan capaces de operar en contornos de elevada interacción coa poboación.

Por outra banda, a Mancomunidad de Montes de Vigo é unha entidade con experiencia acreditada no desenvolvemento de programas de formación-emprego dirixidos a mellorar a cualificación das persoas desempregadas e a incrementar as súas posibilidades de inserción laboral; nesta liña ven apostando por programas vinculados ás familias profesionais agraria e seguridade e medio ambiente xustificado ademais pola necesidade de apostar por modelos de xestión sostible do monte.

No marco desa experiencia, detéctase a necesidade dunha especialización de determinadas funcións así como afondar en determinados coñecementos vencellados á realidade territorial do sector agroforestal galego, xa que se ben existen certificados profesionais do sistema de formación profesional no ámbito das citadas familias profesionais, o certo é que no marco deste proxecto vaise un chanzo máis alá co obxectivo de buscar unha especialización, o que xustifica a realización dunha formación deseñada "ad hoc" vencellada ás peculiaridades desa realidade agroforestal galega (ampla superficie forestal, abandono de terreos, risco de lumes forestais) e cunha aplicación práctica en actuacións concretas de recuperación de terreos forestais degradados.

O programa piloto de formación especializada a desenvolver mediante o presente convenio de colaboración xorde como unha resposta directa a estas necesidades e oportunidades. Pretende reforzar e actualizar as competencias de persoas xa formadas como peóns forestais e que se atopen en situación de desemprego, orientándoas á realidade concreta dos montes periurbanos de Vigo e á prestación efectiva dos servizos ecosistémicos que estes montes achegan á cidade. Deste xeito, o programa contribúe simultaneamente á mellora da xestión forestal, á prevención de incendios, á calidade dos espazos verdes periurbanos e á consolidación de emprego forestal cualificado.

Tal e como se recolle nos seus estatutos, a Mancomunidad de Montes de Vigo ten por finalidade de defender e mellorar os montes das Comunidades de Montes Veciñais e en man común do concello de Vigo, nos seus aspectos económicos, sociais, ecolóxicos, culturais e de relación. Os estatutos da entidade establecen que para desenvolver destes fins, a Mancomunidad de Montes de Vigo poderá establecer acordos, convenios e concertos na súa actividade de colaboración co Estado, as Comunidades Autónomas e os Entes Locais para a estruturación da oferta de formación, orientación e promoción do emprego.

A presente memoria xustificativa elabórase de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de aplicación, co obxecto de



fundamentar a procedencia da concesión directa dunha subvención, instrumentada mediante convenio de colaboración, á Mancomunidade de Montes de Vigo, para o desenvolvemento do programa "Traballos forestais nos montes periurbanos de Vigo".

A concesión directa da subvención xustifícase ao abeiro do previsto no artigos 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que permiten o outorgamento directo de subvencións cando concorran razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou cando resulte acreditada a singularidade da entidade beneficiaria e do proxecto, que fagan improcedente ou ineficiente a súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva. En particular, o artigo 26 da citada lei prevé a formalización destas subvencións mediante convenios, como instrumento xurídico idóneo para regular actuacións de colaboración entre a Administración autonómica e entidades que desenvolven actividades de interese xeral, permitindo establecer de forma expresa os obxectivos, compromisos das partes, financiamento, réxime de xustificación e mecanismos de seguimento e control.

O programa obxecto da subvención responde de maneira directa a obxectivos de interese público e social, nos termos esixidos polo artigo 19 da Lei 9/2007, ao incidir simultaneamente en:

- A mellora da empregabilidade de persoas desempregadas con formación forestal previa, mediante unha especialización directamente orientada ao emprego efectivo.
- A prevención e mitigación do risco de incendios forestais nunha contorna de elevada vulnerabilidade, como é a interface urbano-forestal da cidade de Vigo, contribuíndo á seguridade das persoas e bens.
- O mantemento, xestión activa e posta en valor dos montes periurbanos, que prestan servizos ecosistémicos esenciais á cidadanía, tales como a regulación ambiental, a protección fronte ao lume, o uso recreativo, a conservación da biodiversidade e a cohesión social.

Os montes veciñais de Vigo configuran un sistema forestal periurbano singular en Galicia, pola súa extensión, pola súa proximidade inmediata a unha cidade de grande poboación e pola intensidade do seu uso público, o que esixe unha xestión profesionalizada e tecnicamente cualificada, plenamente aliñada cos intereses xerais que debe tutelar a Administración pública.

Polo exposto, a concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de opoñer excepción do réxime común de concorrència competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e ambiental debidamente acreditado, directamente vinculado á prevención de incendios forestais nunha área de interface urbano-forestal de alta sensibilidade.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego
Zeltia Lado Lago

